

AS CONCHIÑAS

Eu fun ó mar ás cunchiñas i olé
Ás cunchiñas fun ó mare
Eu fun ó mar ás cunchiñas i olé
de noite polo lunare.

Dame un beixiño.
Non cho podo dar,
escusas de ateimar
que non pode ser.
Mais eu xuro
Que eu gardo o segredo
Mais eu teño medo
de alguén o saber.

Como queres que a leve i olé
se eu non a podo levar.
Como queres que a leve i olé
a iauga do río ó mare.

Retrouso

Xa vou da-la despedida i olé
Xa vou da-la derradeira
Xa vou da-la despedida i olé
Miña virxe da Franqueira.

Retrouso

O MANUEL DE ELENA

Manuel foi o primeiro
que me entrou no corazón-
e
Ha de se-lo derradeiro
después de la salvación-e

Ai, Manuel, Manuel del alma
Ai, Manuel, ramiño de palma
Ramiño de palma, ramo de loureiro
Ai, Manuel, tú fuche o primeiro.

Manuel, Manueliño,
Manuel feito de cera.
Quen me dera se-lo lume
que a Manuel derretera.

Retrouso

Manuel, Manueliño,
a túa chaqueta cheira.
Cheira a cravo, cheira a rosa,
cheira a flor de laranxeira.

Retrouso

Manuel fixo unha fonte
toda co bico de prata.
As mozas non beben nela,
Manuel todo se mata.

Retrouso

Manuel, Manueliño,
Manuel da Rúa Alta.
Moito che queren as mozas
porque lle toca-la gaita.

Retrouso

Manuel, cachiño d'uvas
eu heite de penicare.
Moito che gustan as mozas,
túa nai vaite capare

Retrouso

ME QUERO IR DEITAR

Aluméame luniña
Aluméame lunare
Aluméame luniña
que me quero ir deitare

Válgame Dios, como canta
a sereíña na mare.
Os mariñeiros dan volta
sólo pola oír cantare.

As estrelas corren, corren
todas nunha carreiriña.
Así corren os amores
da túa man para a miña.

Estreliña do luceiro,
vaite andando que eu xa
vou-e
Vaime dando claridade
ca luna xa se acabou-e.

VALSE DE ELENA

Unha noite no muiño
Unha noite noné nada.
Unha semana enteira,
esa sí que é muiñada.

Ay, ven, ven,
mujer caprichosa,
mujer cariñosa
conmigo a la mar
y verás
como se combaten
las olas del mar con la
tempestad.

Teño d'ir, teño de vire
e unha fala non che hei
dare.
Heite de ter nunha vela
como navío na mare.

Retrouso

RIBEIRANA

Apagache-lo candile
que estaba no corredor-e.
Agora vaite deitare
ás escuras, meu amor-e.

Ándase queixando a rola
que lle roubaron o niño.
Quen cho mandou
facer, rola,
tanto á beira do camiño.

Aluméame luniña
Aluméame lunare
Aluméame luniña
que me quero ir deitare.

Por aquí vai o camiño,
por aquí vai o carreiro.
Por aquí vai o camiño,
meniña, para o teu eido.

Aldeíña de Toutón-e
de lonxe parece vila.
Tes un caravel na entrada
e unha rosa na saída.

Xa vou da-la despedida
como dá a cotovía.
Agora non canto máis-e
ata mañán polo día.

NA MIÑA VENTANA

Na miña ventana teño,
regalo que ningúen ten-e.
Toda-las horas do día
vexo a quen quero ver-e.

Se me queres de veras
toda son túa,
pero polo diñeiro
cousa ningunha.

Debaixo da malvarrosa
non se pode namorar-e
que ten a folla miúda
non deixa ve-lo luar-e.

Retrouso.

Aldeíña de Toutón-e
heite de mandar cerrar-e.
Con caravillas de prata
heite de acaravillar-e.

Retrouso

MEU BEN

Un corazón de madeira
teño de mandar facer-e
que non sufra nin padeza,
meu ben,
nin saiba o que é querer-e

O mal de amores ten cura
Mal de amores cura ten-e
Eu xa tiven mal de
amores, meu ben,
e non mo curou ninguén-e

Teño unha pena no peito,
non me deixa respirare,
inda por ninguén chorei,
ai meu ben
Sólo tú me fas chorar-e.

MUIÑEIRA DE LIRA

Debaixo da laranxeira
eu non gusto namorar,
que ten a folla miúda
non deixa ve-lo luar.

Maruxiña, dame un bico
que che hei de dar un
abrazo
Non quero bicos dos homes
que me cheiran ó tabaco

Moito miras para min-e,
moito me chisca-lo ollo
Sonche rapariga nova,
non podo atender a todo

Esta vai por despedida,
non teño máis na memoria
Quen nos axudou aquí-e
que nos axude na gloria.

SALE LUNA

Ai, ai, sale luna, sale luna
Ai, ai, sale clara, sale clara
Ai, ai, sale lucero del día
Ai, ai, estrella de la mañana

A luna vai en columna
meu amor, vámola ver-e.
Non hai sol que chegue á
lúa
nin o noso benquerer-e.

Ai, ai, sale luna, sale luna
Ai, ai, sale clara, sale clara
Ai, ai, sale lucero del día
Ai, ai, estrella de la mañana.

Estreliña do luceiro,
espera por mín que xa vou-
e.
Vaime dando claridade
que a luna xa se acabou-e.

Ai, ai, sale luna, sale luna
Ai, ai, sale clara, sale clara
Ai, ai, sale lucero del día
Ai, ai, estrella de la mañana.